

Acta da sesión ordinaria do **Comité Ambiental** celebrada o día **16 de novembro de 2021** a través de Teams, coa asistencia dos seguintes membros:

Benito Posada Fernández, Álvaro Martínez López, Yolanda Golías Pérez, Carolina Val Rey, Lucía Vázquez Ben, Juan Carlos Rivadulla López, Ánxela María Bugallo Rodríguez, Pedro José Vega Marcote, Óscar González Iglesias, María Mar Rodríguez Romero, Eva María Espiñeira Bellón, Nuria Rebollo Quintela, Alicia Gloria Risso Miguez e Roberto Suárez Brandariz.

Desculpan a súa asistencia os profesores Manuel Peralbo Uzquiano, Eduardo Pásaro Méndez, Araceli Serantes Pazos e Blanca Laffon Lage.

Comenza a sesión as 16:00 horas, para tratar a seguinte **Orde do día**:

**1. Lectura e aprobación, se proceder, da Actas da sesións anteriores (31 de outubro de 2018 e 09 de outubro de 2019).**

Toma a palabra o Vicedecano de TFG, Estudiantes e PAT Juan Rivadulla López e sinala que o Decano non pode asistir por problemas de axenda e como quera que o acta encontrábase a disposición dos presentes a través do correo electrónico da convocatoria da reunión e ninguén presenta suxestións, apróbase esta por asentimento.

**2. Incorporación do novo bolseiro da OMA na Facultade de Ciencias da Educación.**

O profesor Pedro Vega presenta ao novo bolseiro Benito Posada Fernández (David) ao comité dándolle a benvida. Agradécelle a súa dispoñibilidade e indica as tarefas que levará a cabo, que son, entre outras, a actualización de Facebook e Instagram de Green Campus onde se recollen as actividades realizadas, colaboración na auditoría do consumo enerxético e da auga.

**3. Informe das actividades levadas a cabo.**

O profesor Pedro Vega indica que neste ano e medio, por mor da pandemia, as actividades desenvolvérense maioritariamente de forma virtual, aínda que de forma presencial realizouse a caracterización de residuos en grupos reducidos.

A bolseira anterior actualizou as redes sociais e o tablón Green Campus da Facultade.

Convocáronse premios de TFG e TFM sostibles. Este ano dous premios foron para traballos da nosa Facultade.

Ademais, informa que a empresa que recolle os toner usados na UDC tamén vende produtos reciclados.

#### **4. Propostas de actividades.**

O profesor Pedro Vega informa que este ano vaise seguir coas actividades de aforro de enerxía e auga, facéndose unha auditoría de consumo de auga e luz. Se fose necesario, faríase campaña de sensibilización sobre esta temática.

Faranse tamén obradoiros polo marzo ambiental. Insta ao profesorado a que participe co seu alumnado destas actividades.

Estas e outras accións que se programarán servirán para solicitar a renovación da Bandeira Verde da nosa Facultade.

A profesora Mar Rodríguez Romero informa que o colectivo artístico Retoque Retro, que ten como obxectivo a reciclaxe con fins artísticas e concienciativas, ten unha campaña de recollida de lizo nas praias. Anima a dar difusión e participar. Ademais, propón que nos baños de diversidade funcional se engadan serigrafías específicas para indicar que meses espazos se poden baleirar as copas menstruais.

O alumno e bolseiro da OMA David Posada Fernández indica as actividades que pretende levar a cabo neste curso académico. Entre elas, destaca a auditoría de luz/auga e talleres sobre reciclaxe.

#### **5. Informe do Decano.**

O Vicedecanato de TFG, Estudantes e PAT, Juan Rivadulla López lembra a ausencia do Decano na reunión. Así, é el quen da a benvida aos novos membros do Comité Ambiental no sector do profesorado, Mar Rodríguez Romero, e do alumnado, Álvaro Martínez López e Óscar González Iglesias. Desta forma, continúaase coa presenza de todos os sectores da Facultade no Comité Ambiental: PDI, PAS e alumnado.

O Vicedecano tamén quere dar a benvida ao novo bolseiro da OMA, ofrecéndolle todo o apoio para os asuntos nos que o precise.

Adeamis, salienta que a última reunión que se tivo foi en outubro de 2019, coincidindo coa auditoría para a renovación da Bandeira Verde. Nese sentido, agradece a toda a Facultade, mais a Pedro Vega en particular, o traballo feito para que a Facultade puidera renovar a Bandeira.

## **6. Quenda aberta de intervencións**

A profesora Alicia Risso pregunta se se poden empregar as fontes de auga. O Vicedecano de Planificación, Sustentabilidade e Normalización Lingüística Roberto Suárez Brandariz aclara que se poden empregar para encher botellas, pero non para beber.

O profesor Pedro Vega informa que a semana do 22 de novembro e a semana dos residuos. Solicitarase ao profesorado de 1º curso, a través do Vicedecanato de TFG, Estudantes e PAT, a súa colaboración para que os bolseiros/as da OMA podan acudir ás aulas para explicar ao alumnado os problemas dos residuos na cidade da Coruña.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 17.20h.

A Coruña, 16 de novembro de 2021

Juan Rivadulla López  
Vicedecanato de TFG, Estudantes e PAT